

ORDENANZA FISCAL N.º 9.-REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º .

Para tódalas actividades exercidas neste municipio, ás cotas mínimas das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas aplicaráselle o coeficiente único do 0,8 de conformidade co previsto no artigo 88 da vixente Lei 39/1988, do 218 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 2º .

De acordo co establecido no artigo 89.2 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, estableceuse as seguintes bonificacións a aplicar sucesivamente sobre a cota correspondente:

- A) Inicio de exercicio de actividade conforme ó apartado a) do artigo 89.2 o 50%
- B) Utilización de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración conforme ó apartado c) do artigo 89.2 o 50%

Disposición final.

A referida Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación desde o día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.